

"As vivencias quiroguesas asoman de maneira constante en todas as miñas obras"

Celia Díaz Núñez, escritora e filla adoptiva de Quiroga, vén de publicar *Rugando ou o misterio do cuarto secreto*, unha nova edición da novela *Rugando*

Carlos Julio González 16/03/21

<https://www.elprogreso.es/articulo/ribeira-sacra/minas-vivencias-quiroguesas-asoman-maneira-constante-todas-minas-obras/202103161845591491978.html>

Aínda que naceu no Páramo, a escritora Celia Díaz Núñez criouse en Quiroga, unha terra que segue considerando como o seu paraíso particular. Precisamente, dende o Día das Letras Galegas de 2018 é Filla Adoptiva do concello, marco tamén de moitas das súas obras. A última publicación de Celia Díaz é *Rugando ou o misterio do cuarto secreto*, unha nova edición da novela *Rugando*, que viu a luz hai case dez anos.

Que novidades inclúe esta nova obra?

É unha edición corrixida e aumentada, publicada por editorial Galaxia. Non hai diferenzas en canto ao argumento ou aos personaxes, pero si algunhas modificacións no léxico, nos diálogos ou nalgunha escena concreta. Tamén, o desenlace está máis explícito. Incorpóranse títulos a cada unha das partes da novela que axudan a entender mellor a relación entre elas, é dicir, a novela dentro da novela. Ademais, engádese no inicio un mapa dos lugares citados: Samos, A Seara, Montefurado, Rugando. Conta cunha guía de lectura (pode consultarse na web da Editorial Galaxia) con claves interpretativas, enlaces a varios roteiros polos escenarios da novela, unha proposta de actividades e un glosario de termos sobre as ferrerías.

A Ferrería de Rugando, con tanta historia, semella o lugar perfecto para un relato de misterio como o desta obra.

A idea desta novela xurdiu unha tarde en Rugando contemplando o edificio en ruínas da antiga ferrería. Naceu así esta historia de misterio, de intriga e de fantasía que combina o tema das ferrerías tradicionais que elaboraban o ferro extraído nos montes do Courel co tema dos alquimistas que procuran o elixir da eterna xuventude, a inmortalidade. A existencia desde hai uns anos dunha casa rural nese mesmo edificio permitiu incorporar unha trama que acontece en época actual protagonizada por un grupo de rapazas e rapaces que investigan sobre uns acontecementos anteriores.

Na sinopse fala de presente e pasado e pregúntase se son a mesma cousa. Que a leva a pararse nisto?

Esta idea ten que ver coa resolución do misterio planteado na primeira parte da novela. No epílogo descóbrese que o século XIX e o século XXI están máis próximos do que parece, cando menos tendo en conta a peripecia vital dunha das personaxes.

Quiroga ocupa un lugar moi destacado en moitas das súas obras.

Con frecuencia escribo a partir de espazos, paisaxes ou lembranzas. Por tanto, as miñas vivencias quiroguesas asoman constantemente nas miñas obras, unhas veces de maneira evidente, como neste *Rugando ou o misterio do cuarto secreto* ou tamén en *A boca do monte*, e noutras de maneira máis sutil como, por exemplo, en *Corte e confección* ou *Unha verdade amarga*.

O seu libro *Voces da terra*, sobre escritores de Quiroga, fixo xa 25 anos. Recentemente, unha asociación colocou unhas esculturas para lembralos, pero pensa que aínda falta máis coñecemento deles entre a poboación?

Paréceme unha idea excelente para dar a coñecer a tantos escritores e escritoras que escolleron Quiroga como territorio literario. Gústanme os lapis de Felipe Piñuela polo seu simbolismo como representación da escrita literaria e tamén desde o punto de vista plástico. Boto en falta o lapis do gran poeta Manuel María porque, ademais da súa orixe quiroguesa por liña materna, a avoa Consuelo, é autor do libro *Sonetos ao Val de Quiroga*.

En *Voces da Terra* mesmo abordaba a posibilidade de que Federico García Lorca se inspirase no paso do Sil pola contorna nun dos seus *Seis poemas galegos*.

Ernesto Guerra da Cal escribiu moitos poemas sobre Quiroga, recollidos en diversos libros. Ademais colaborou con Lorca na redacción dos *Seis poemas galegos*. Foi o seu dicionario vivinte de galego e foi tamén a man que escribiu sobre o papel os versos de Lorca, como se ve na exposición Nós que estes días se pode visitar en Ourense. Ademais, o poema *Nouturnio do adoescente afogado* parece que se inspira nun suceso real acontecido en Quiroga no ano 1929 que Guerra da Cal lle contou a Lorca.

***Rugando* gañou o Premio Pura e Dora Vázquez de Literatura Infantil e Xuvenil en 2012. Cal pensa que é a situación da literatura galega entre a mocidade?**

A literatura galega conta actualmente con relevantes escritores que están publicando obras de gran calidade. Contamos ademais cunha oferta moi variada. Isto permite que se poidan propoñer lecturas atractivas para a mocidade e dese modo normalizar a literatura en lingua galega.